



O Arcebispo
de Santiago de Compostela

Carta Pastoral no Día do DOMUND Outubro de 2009

MISIONEIROS AQUÍ E AGORA

Queridos diocesanos:

A Xornada Mundial das Misións lévanos a recordar que a evanxelización é unha tarefa que incumbe a todos os bautizados, sabendo que “Deus quere que todos os homes se salven e cheguen ao coñecemento da verdade”. A misión salvadora de Cristo foi transferida á Igrexa, outorgándolle o seu Espírito e configurándoa como unha comunidade de crentes responsables da salvación do mundo. Os cristiáns non somos meros entusiastas de Cristo e do seu Evanxeo, senón persoas co compromiso de que o Evanxeo chegue a todas as xentes. É o reto que Xesús puxo sobre a nosa conciencia de crentes. Por iso a vocación cristiá é vocación apostólica, misioneira, evanxelizadora. Non podemos falar dunha vida responsablemente cristiá que, aínda sendo fiel aos deberes persoais, relixiosos e morais, non tomou en serio a súa responsabilidade no apostolado e ante a salvación dos demais.

Xesús, Luz do mundo

Este ano Obras Misionais Pontificias propuxo á Igrexa en España o lema: “A Palabra, Luz para os Pobos”, lembrándonos como escribe o Papa na súa Mensaxe para esta Xornada que “obxectivo da misión da Igrexa é en efecto iluminar coa luz do Evanxeo a todos os pobos no seu camiño histórico cara a Deus, para que nel teñan a súa realización plena e o seu cumprimento. Debemos sentir o ansia e a paixón por iluminar a todos os pobos, coa luz de Cristo, que brilla no rostro da Igrexa, para que todos se reúnan na única familia humana, baixo a paternidade amorosa de Deus”. Quenes evanxelizan son testemuño da Igrexa evanxelizada e evanxelizadora. Sentimos a necesidade destas persoas non só noutras latitudes xeográficas, tamén dentro da nosa propia diocese onde algúns perderon a fe e outros abandonaron a Igrexa, habendo desvirtuado as súas raíces cristiás e esquecido os criterios morais fundamentados no Evanxeo. Dámonos conta como a ignorancia relixiosa vai favorecendo a suplantación do Evanxeo en amplas capas do noso pobo, especialmente nas novas xeracións. A familia en non poucos casos deixou de ser un ámbito de formación humana e relixiosa. Cambiar esta realidade é un reto que os cristiáns han de afrontar con decisión e coa axuda do Espírito Santo. É necesario anunciar a Xesucristo “con novo ardor, con novas expresións, con novos métodos, co fervor dos santos”. Nas nosas comunidades cristiás percíbense rutinas e cansazo, desilusión, e desánimo. Por outra banda, vai



O Arcebispo
de Santiago de Compostela

xeneralizándose a idea de privatizar a nosa fe, resignándonos pasivamente, coma se non estivese chamada a ter unha influencia na nosa sociedade, sen que isto supoña que desexamos ter unha posición privilexiada por parte dos poderes públicos e sen querer impor nada a ninguén.

O cristián, luz do mundo e sal da terra

A Igrexa segue sendo misioneira. Xesús pide aos seus discípulos que sexan “luz do mundo e sal da terra”, e “sinal e instrumento da íntima unión con Deus e da unidade do xénero humano”. Así adquire sentido para nós a responsabilidade misioneira, conscientes de que Xesucristo é o único salvador dos homes, o único que nos abre o camiño ao Pai, revélanos quen somos realmente e descóbrenos a dignidade da nosa vocación. Esa salvación de Cristo é ofrecida a todos os homes e mulleres sen distinción e a todos debe de chegar. Os bautizados en Cristo somos responsables nesa tarefa, contando aos pobos a gloria de Deus e as súas marabillas a todas as nacións. Todo isto ha de levarse a cabo nun clima de diálogo, de respecto, de procura sincera e desinteresada da verdade que nos fai libres e realízase no amor. Non esquezamos que “o home é o camiño da Igrexa”, especialmente “o enfermo e o desvalido, o marxinado e o excluído, o abandonado, o inmigrante e o refuxiado”. Aquí verifícase a credibilidade da Igrexa.

No noso mundo e na nosa sociedade debemos comprometer nos coa evanxelización e coa promoción e o progreso humano que esa evanxelización leva. Se apreciamos a riqueza que supón gozar da verdade e da graza do Evanxeo, do amor, da fe e da esperanza que nos achega ser cristiáns, non podemos menos de comunicalo, é dicir, de ser misioneiros. Se non temos a experiencia de saber como nos enriquece a fe, dificilmente poderemos colaborar a transmitir este don. Certamente tamén nós debemos aumentar a actividade, o esforzo, o aguante, a forza e a convicción da nosa fe, animados pola graza do Señor.

A vida ao servizo da misión

Hoxe recordamos co corazón, ou o que é o mesmo, agradecemos a tantos irmáns e irmás nosos que deixaron a súa terra para acudir alá onde máis se lles necesita. Son os que están en contacto coa increnza e o agnosticismo, a indiferenza relixiosa e o ateísmo. Misioneiros e misioneiras que serven na mesa dos máis pobres do mundo, ofrecéndolles o pan da Eucaristía, o pan material, e o pan da cultura. Entregan as súas vidas para axudarlles a liberarse do pecado e da miseria humana, de enfermidades curables entre nós e que entre eles causan estragos, e de fames constantes que causan mortes de nenos, adultos, anciáns;



O Arcebispo
de Santiago de Compostela

de opresións e inxustizas. Podemos sentirnos realmente orgullosos deles e do labor que realizan en nome do Señor, estando na vangarda da Evanxelización, ao estilo de San Francisco Xavier. Necesitan a nosa colaboración económica, o noso apoio, a nosa simpatía e a nosa oración. Non os deixemos sos: estean preto de nós ou estean a miles de quilómetros.

Pidamos ao Señor que nos faga fortes na transmisión da fe; que anime e sosteña coa súa graza a acción dos nosos misioneiros; que o Evanxeo chegue a todas as xentes; e que se fortaleza cada vez máis o compromiso misioneiro entre os sacerdotes, membros de Vida consagrada e leigos.

Saúdavos con afecto no Señor,

+Xulián Barrio Barrio,
Arcebispo de Santiago de Compostela